

CONTRATO DE LICENZA DE NORTON

IMPORTANTE: LEA ATENTAMENTE OS TERMOS E CONDICIÓN DESTE CONTRATO DE LICENZA (“CONTRATO DE LICENZA”) ANTES DE EMPREGAR O SOFTWARE (COMO SE DEFINE MÁIS ABAIXO), SYMANTEC CORPORATION E/OU AS SÚAS FILIAIS CON LICENZAS AUTORIZADAS (“SYMANTEC”) ACORDA OUTORGARLLE UNHA LICENZA PARA O SOFTWARE A VDE. COMO PARTICULAR, EMPRESA OU PERSOA XURÍDICA QUE VAI EMPREGAR O SOFTWARE (REFERIDO EN ADIANTE COMO “VDE.”, “O/S SEU/S” OU “A/S SÚA/S”) COA CONDICIÓN DE QUE ACEPTE TODOS OS TERMOS DESTE CONTRATO DE LICENZA. ESTE É UN CONTRATO LEGAL E EXECUTABLE ENTRE VDE. E SYMANTEC. AO ABRIR ESTE PAQUETE, ROMPER O SELO, PREMER O BOTÓN DE “ACEPTO” OU “SI”, INDICAR DE CALQUERA OUTRO XEITO O SEU CONSENTIMENTO ELECTRÓNICO, CARGAR OU EMPREGAR O SOFTWARE, VDE. ACEPTA OS TERMOS E CONDICIÓN DO CONTRATO DE LICENZA. SE NON ESTÁ DE ACORDO CON ESTES TERMOS E CONDICIÓN, PREMA NO BOTÓN “CANCELAR” OU “NON”, EN “PECHAR VENTÁ” OU INDIQUE DOUTRO XEITO O SEU REXEITAMENTO, INTERROMPA O USO DO SOFTWARE E CONTACTE (i) CO SEU PROVEDOR OU CO SERVIZO DE ATENCIÓN AO CLIENTE DE SYMANTEC EMPREGANDO OS DATOS DE CONTACTO DA SECCIÓN 7 DESTE CONTRATO DE LICENZA PARA MÁIS INFORMACIÓN DE COMO OBTER A DEVOLUCIÓN DO IMPORTE QUE PAGOU POLO PERÍODO DA LICENZA ACTUAL (SEGUNDO SE DEFINE MÁIS ABAIXO, AGÁS OS CUSTOS DE EXPEDICIÓN, MANIPULACIÓN, E CALQUERA TAXA APLICABLE EXCEPTO EN CERTOS ESTADOS E PAÍSES ONDE SON REEMBOLSABLES A EXPEDICIÓN, A MANIPULACIÓN E AS TAXAS), EN CALQUERA MOMENTO DENTRO DO PRAZO DE SESENTA (60) DÍAS DESPOIS DA DATA DE COMPRA DUNHA SUBSCRICIÓN ANUAL OU DENTRO DE TRINTA (30) DÍAS DESPOIS DA DATA DE COMPRA DUNHA SUBSCRICIÓN MENSUAL; OU (ii) CO SEU PROVEDOR (COMO SE DEFINE MÁIS ABAIXO) PARA TER MÁIS INFORMACIÓN DE COMO OBTER A DEVOLUCIÓN SE VDE. ADQUIRIU O SOFTWARE A TRAVÉS DESTE.

1. Contido da licenza:

O software e a documentación (incluída calquera embalaxe do produto, a “Documentación”) que acompaña a este Contrato de Licenza (denominados en conxunto o “Software”) son propiedade de Symantec ou dos seus emisores de licenzas e están protexidos polas leis de propiedade intelectual. Aínda que Symantec ou os seus emisores de licenzas seguen sendo os propietarios do Software, unha vez acepte este Contrato de licenza, terá determinados dereitos para utilizar o Software durante o Período de licenza (como se define a continuación). Os dereitos que non se lle outorgan de forma expresa a Vde. quedan nas mans de Symantec e/ou dos seus emisores de licenzas. O “Período de licenza” comezará (a) na data da instalación inicial ou do uso do Software nun ordenador, ambiente virtual, móbil ou dispositivo informático móbil (un “Dispositivo”); (b) na data en que aceptou este Contrato de licenza; (c) se adquiriu o Software na tenda en liña de Norton, na data en que realizou a compra, ou (d) se recibiu o Software como parte dunha oferta de varios produtos, na data en que se realizou esa compra da oferta de varios produtos; ou (e) se obtivo os dereitos para utilizar o Software como se describe neste Contrato de licenza dun provedor autorizado (“Provedor”) de Symantec, na data establecida polo devandito provedor. O Período de licenza terá unha duración equivalente á establecida nesta Documentación ou na documentación da transacción pertinente do distribuidor autorizado, vendedor ou Provedor do que Vde. obtivo o Software. O Software pode desactivarse automaticamente e volverse non operativo ao final do Período de licenza, e Vde. non terá dereito a recibir ningunha característica ou actualización de contido do Software a non ser que se anove o Período de licenza. As subscricións para anovar o Período de licenza (i) estarán dispoñibles de acordo coa política de asistencia de Symantec publicada en https://support.norton.com/sp/en/us/home/current/solutions/v74023230_EndUserProfile_en_us ou (ii) serán fornecidas polo seu Provedor de acordo coas políticas deste, se Vde. obtivo o Software do seu Provedor.

Este Contrato de licenza tamén rexe as versións, revisións, actualizacións ou melloras do Software que Symantec poida pór á súa disposición. A menos que a Documentación os modifique, os seus dereitos e obrigas baixo este Contrato de licenza con respecto ao uso do Software son os seguintes.

Durante o Período de licenza Vde. poderá:

A. Empregar unha copia do Software nun único Dispositivo. Se nesta Documentación ou na documentación de transacción pertinente xurdida entre Vde. e o distribuidor autorizado, vendedor ou Proveedor se especifica un número maior de copias e/ou de Dispositivos, poderá utilizar o Software de acordo con esas especificacións.

B. Facer unha copia do software a efectos de arquivo ou copia de seguranza, ou copiar o Software no disco duro do seu dispositivo e conservar o orixinal como copia de seguranza ou con fins de arquivo.

C. Empregar o Software nunha rede, sempre que Vde. dispoña dunha copia con licenza do Software para cada Dispositivo con acceso ao Software dentro da rede.

D. Transferir de xeito permanente os dereitos que lle outorga este Contrato de licenza sobre o Software a outra persoa ou entidade, sempre que non garde ningunha copia do Software e que o receptor acepte os termos deste Contrato de licenza. Co fin de evitar dúbidas, se o Software que se está transferindo forma parte dunha oferta de varios produtos, deberá transferir todos os seus dereitos a todas as ofertas de produtos incluídas no devandito Software. A transferencia parcial dos seus dereitos baixo este Contrato de licenza non está permitida e calquera intento de facelo considerarase inválido e nulo. Por exemplo, se a Documentación ou a documentación da transacción pertinente do distribuidor autorizado, vendedor ou Proveedor lle outorga a Vde. o dereito de utilizar varias copias ou o dereito de instalar o Software en varios Dispositivos, só será válida unha transferencia dos dereitos para utilizar tales copias e as instalacións do Software no Dispositivo. Co fin de evitar dúbidas, os dereitos precedentes de transferencia non son aplicables se Vde. obtivo o Software do seu Proveedor; e

E. Empregar o Software de acordo cos usos adicionais que poidan establecerse máis abaixo.

A licenza do Software é para uso persoal e non para fins comerciais. Non se autoriza a adquisición deste Software para fins comerciais.

Non ten permitido, nin pode autorizar outra a persoa a:

A. Sublicenzar, alugar ou ceder mediante leasing ningunha parte do Software.

B. Aplicar enxeñaría inversa, descompilar, desensamblar, modificar, traducir, realizar tentativas de descubrir o código fonte do Software nin crear traballos derivados do Software.

C. Fornecer, ofrecer ou poñer á disposición o Software como parte dunha xestión de recursos, dun tempo compartido, dun fornecedor de servizos ou dunha oficina de servizos.

D. Empregar o Software de calquera xeito que non estea contemplado no texto deste Contrato de licenza.

O Software pode incluír características e funcionalidades de terceiras partes ou pode acceder a contido no sitio web dunha terceira parte. Esas características, funcionalidades ou contido poden estar suxeitos aos termos de servizo e políticas de privacidade das terceiras partes.

2. Software e Actualizacións automáticas de contido:

A. Non estarán dispoñibles todos os lanzamentos, revisións, actualizacións, melloras ou funcións en todas as plataformas. Ten dereito a recibir novas versións e funcións do Software se Symantec, segundo o seu criterio exclusivo, pon tales versións e funcións dispoñibles durante o seu Período de licenza. Symantec realiza un esforzo continuo por mellorar a facilidade de uso e o rendemento dos seus produtos e servizos. Co fin de optimizar o Software e proporcionarlle a Vde. a versión máis actual do Software, Vde. acepta que o Software poida descargar e instalar novas actualizacións e versións deste a medida que Symantec as publique segundo o seu criterio exclusivo. Acepta recibir e permite que Symantec entregue estas novas versións e actualizacións no seu Dispositivo. Así mesmo, Symantec poderá modificar os termos e condicións aplicables ao uso do Software co fin de incluír tales actualizacións e versións e Vde. acorda aceptar tales termos actualizados. A non ser que Vde. aceptase explicitamente eses cambios, ao continuar utilizando o Software despois de que se fagan efectivas as modificacións, Vde. acepta a súa vinculación aos termos revisados.

B. Determinado Software utiliza contido que se actualiza periodicamente e que inclúe, entre outros, os seguintes: o software antivirus e contra actividades ilegais precisa actualizar as definicións de virus; o software antispymware precisa actualizar as definicións de spyware; o software antispam precisa actualizar as regras antispam; o software de filtrado de contido e antiphishing utiliza listas de URL actualizadas; algúns firewalls deben actualizar as súas regras; os produtos de avaliación de vulnerabilidades utilizan datos sobre vulnerabilidade que cómpre actualizar; e o software de autenticación de sitios web emprega listas actualizadas de páxinas web autenticadas; estas actualizacións en conxunto reciben o nome de "Actualizacións de contido". Vde. terá o dereito de recibir Actualizacións de contido do Software durante o seu Período de licenza.

3. Instalación do produto. Activación requirida. Conta de Norton:

A. Durante o proceso de instalación, o Software poderá desinstalar ou desactivar outros produtos de seguridade ou funcións destes, en caso de que resultasen incompatibles co Software ou interferisen no seu óptimo funcionamento.

B. Este Software pode dispoñer de medidas tecnolóxicas concibidas para impedir o uso ilícito ou sen licenza do Software. Acepta que Symantec utilice estas medidas para protexer a Symantec contra a piratería de Software. Tamén pode conter certa tecnoloxía para a aplicación da lei que coute o número de veces que se pode de instalar ou desinstalar o Software no Dispositivo e que limite o número de Dispositivos nos que se pode instalar. Este Contrato de licenza e o Software con tecnoloxía para a aplicación da lei poden precisar activación tal como se detalla na Documentación. Se for así, o Software ofrecerá un período limitado de funcionamento antes da activación. Durante a activación, poderáselle solicitar que introduza, a través de Internet, o código único de activación que se inclúe co Software e a configuración do Dispositivo en forma de código alfanumérico para verificar a autenticidade do Software. Se non realiza a activación dentro do período limitado establecido na Documentación ou amosado polo Software, o Software deixará de funcionar; unha vez se efectúe a activación, as funcionalidades do Software volverán restablecerse. No caso de que non poida activar o Software en Internet ou a través doutro método especificado durante o proceso de activación, pode contactar (i) co Servizo de atención ao cliente de Symantec utilizando a información proporcionada por Symantec durante a activación ou como se indica a continuación na sección 7; (ii) co seu Proveedor ou coa entidade que se indica na documentación que lle facilitou o Proveedor, se obtivo o Software do seu Proveedor.

C. Conta de Norton. Pode ser necesaria unha conta de Norton de Symantec ("Conta de Norton") para acceder a e utilizar o Software. En tal caso, se non dispón dunha conta de Norton e desexa usar o Software, é necesario realizar o proceso de rexistro correspondente para crear unha conta. Non é necesario crear unha conta de Norton se obtivo os dereitos de uso do Software dun Proveedor que lle esixa ter unha conta de usuario diferente ("Conta de usuario de Proveedor") para acceder a e utilizar o Software. Consulte a documentación da operación pertinente co seu Proveedor para determinar se é necesaria unha Conta de Norton ou unha Conta de usuario de Proveedor para acceder a e utilizar o Software. É a súa propia responsabilidade manter a confidencialidade do contrasinal da Conta de Norton ou da Conta de usuario de Proveedor. Así mesmo, se Vde. transfere todos os seus dereitos do Software conforme a este contrato, deberá tamén renunciar ao acceso ou xestión da clave de licenza do Software transferido da súa Conta de Norton. Contacte co servizo de atención ao cliente de Symantec ou visite a páxina de soporte de Symantec indicada máis abaixo.

4. Responsabilidade cos Clientes comerciais:

Se vostede é Consumidor, as disposicións do apartado 4 non lle son aplicables, agás se existen certas disposicións sobre o consumidor na lexislación correspondente da súa xurisdición que sexan de aplicación ao uso que Vde. fai do Software, independentemente de se ese uso ten fins comerciais, empresariais ou profesionais. Pase a ler o apartado 5.

Se vostede é cliente comercial (é dicir, está a empregar o Software no ámbito dunha actividade comercial, empresarial ou profesional ["Cliente comercial"]), as disposicións do apartado 4 sonlle aplicables (independentemente de se acepta ou non o Software).

A. ATA O LÍMITE PERMITIDO LEGALMENTE, EN NINGÚN CASO SERÁN SYMANTEC OU OS SEUS EMISORES DE LICENZAS RESPONSABLES ANTE VDE. (POR NEGLIXENCIA, CONTRATO OU OUTROS) DE PERDA DE BENEFICIOS, INGRESOS, CONTRATOS COMERCIAIS, AFORROS PREVISTOS OU DA PERDA OU CORRUPCIÓN DE DATOS DERIVADA DO USO OU IMPOSIBILIDADE DE USO DO SOFTWARE OU DE CALQUERA DANO ESPECIAL, CONSECUENTE, INDIRECTO OU SEMELLANTE, MESMO SE SYMANTEC FOSE AVISADO DA POSIBILIDADE DE TALES DANOS.

B. ATA O LÍMITE PERMITIDO LEGALMENTE, A RESPONSABILIDADE DE SYMANTEC OU DOS SEUS EMISORES DE LICENZAS NON EXCEDERÁ O TOTAL DA COMPRA QUE VDE. PAGOU POLO PERÍODO DE SERVIZO APLICABLE.

C. Symantec terá responsabilidade ilimitada ante Vde. se (a) falece ou resulta ferido grave como resultado dunha neglixencia de Symantec ou (b) se Vde. sofre perdas ou danos debido a actuacións fraudulentas de Symantec.

5. Responsabilidade con respecto aos consumidores:

Se Vde. é Consumidor, o apartado 5 é aplicable a Vde. Pregámoslle que o lea con atención. O apartado 4 non é aplicable aos Clientes comerciais. Symantec asumirá a responsabilidade, sen limitación ningunha, en caso de que (a) Vde. morra ou resulte ferido como resultado de negligencia por parte de Symantec ou (b) Vde. sufra danos ou perdas debido a actividade fraudulenta por parte de Symantec.

A. De acordo coas previsións anteriores do apartado 5, Symantec non será responsable do pagamento por calquera perda que non sexa unha consecuencia razoablemente previsible do incumprimento deste Contrato de licenza por parte de Symantec. Como Consumidor, o seu uso do Software non poderá ser comercial. Symantec non será tampouco responsable ante Vde. de calquera perda de beneficios, ingresos, aforros previstos, contratos ou tempo derivados do uso ou imposibilidade de uso do Software nun erro grave.

B. Vde. ten a obriga de tomar medidas razoables para minimizar as perdas en todo momento.

6. Regulamento en materia de exportación:

Vde. recoñece que o Software e os servizos e datos técnicos relacionados (denominados no seu conxunto "Tecnoloxía controlada") poden estar suxeitos ás leis de exportación e importación dos Estados Unidos, particularmente ás normativas para a administración das exportacións (Export Administration Regulations [EAR]) dos EE. UU. e ás leis de calquera país a onde se importe ou exporte a Tecnoloxía controlada. Acepta cumprir todas as leis relevantes e non exportar ningunha Tecnoloxía controlada que contraveña as leis dos EE. UU. nin a un país, entidade ou persoa prohibidos para os que sexa precisa unha licenza de exportación ou outra autorización governamental. Está prohibido exportar ou reexportar calquera produto de Symantec a Cuba, Corea do Norte, Irán, Siria e Sudán e a calquera país obxecto de sancións comerciais pertinentes, incluídos Afganistán e Iraq. **ESTÁ PROHIBIDO O USO OU FACILITACIÓN DUN PRODUTO DE SYMANTEC EN RELACIÓN CON CALQUERA ACTIVIDADE QUE INCLÚA, ENTRE OUTRAS, O DESEÑO, DESENVOLVEMENTO, FABRICACIÓN, FORMACIÓN OU ENSAIO DE MATERIAIS QUÍMICOS, BIOLÓXICOS OU NUCLEARES, OU MÍSILES, AERONAVES NON TRIPULADAS OU LANZADEIRAS ESPACIAIS CAPACES DE LANZAR ARMAS DE DESTRUCCIÓN MASIVA DE ACORDO COA LEXISLACIÓN DOS EE. UU.**

7. Disposicións xerais:

A. Lexislación aplicable.

Este Contrato de licenza réxese polas leis de Inglaterra e Gales. Nada do disposto neste Acordo de licenza menoscabará os dereitos que lle son outorgados a Vde. en virtude das lexislacións de protección ao consumidor ou outras leis aplicables no marco da súa xurisdición que non poden ser derogadas por ningún contrato.

B. Contrato completo.

Este Contrato de licenza é o contrato completo entre Vde. e Symantec referente ao Software e: (i) substitúe todas as comunicacións orais ou escritas, previas ou actuais, propostas e representacións con respecto ao seu asunto e (ii) prevalece sobre calquera termo adicional ou en conflito de calquera afirmación, orde, recoñecemento ou comunicación similar entre as partes. Sen prexuízo do anterior, nada neste Contrato de licenza diminuírá ningún dereito que Vde. teña baixo a lexislación de protección ao consumidor ou calquera outra lei aplicable na súa xurisdición que non poden ser derogadas por ningún contrato. Symantec pode dar por finalizado este Contrato de licenza se Vde. incumpre calquera termo contido neste Contrato de licenza (excepto aqueles triviais ou sen consecuencias) e, se a devandita finalización ocorre, Vde. debe deixar de usar e destruír todas as copias do Software e da Documentación. As exencións de garantías e danos e as limitacións das responsabilidades perdurarán e seguirán sendo aplicables despois da finalización.

Se ten algunha pregunta con respecto a este Contrato de licenza ou se desexa poñerse en contacto con Symantec por calquera motivo, escriba a Symantec Customer Support, PO Box 5689, Dublín 15, Irlanda ou visite a páxina de Soporte de Symantec en www.symantec.com.

OUTROS TERMOS E CONDICIÓNNS. O uso que Vde. efectúe do Software estará suxeito aos termos e condicións expostos a continuación así como aos especificados anteriormente.

8. Privacidade e protección de datos:

Se o Software xa estaba preinstalado no seu Dispositivo, aplicaráselle os termos en negra que aparecen a continuación:

No transcurso da configuración inicial do seu Dispositivo e unha vez que empece a funcionar o seu produto Norton, Symantec (véxanse os datos de contacto a continuación) e o seu produto Norton recollerán os seguintes datos de Vde.:

- Información de subscrición proporcionada por Vde.
- Datos de hardware, sistema, aplicación e conexión de rede recollidos do seu dispositivo, incluída a información do estado da instalación e funcionamento do software de Norton.
- Datos respecto do dispositivo e do uso de Internet.
- Calquera información de control parental e axustes que Vde. poida configurar se tales funcionalidades están dispoñibles no seu produto Norton.

A recolección deste tipo de datos é necesaria e indispensable para (a) redactar a finalización dun contrato entre Vde. e Symantec e (b) para o funcionamento adecuado do Software de Norton preinstalado no seu dispositivo. Os seus datos serán transmitidos ás entidades e provedores de Symantec relacionados coa emisión das claves de licenzas de usuario final e da entrega do Software. Sen prexuízo das disposicións aplicables e se o require o caso, das solicitudes de rectificación e eliminación enviadas por Vde., os datos recollidos serán mantidos por Symantec o tempo necesario para a conclusión e cumprimento da relación contractual. Vde. pode contactar en calquera momento con Symantec para solicitar acceso, rectificación ou eliminación dos seus datos persoais, así como, cando corresponda, obter a restrición do seu tratamento, opoñerse ao tratamento posterior ou obter a súa portabilidade. Como se indica na sección de “Privacidade e Protección de Datos” deste Contrato, Symantec garante, a través dos medios legais necesarios, os termos contractuais autorizados legalmente e os compromisos corporativos vinculantes, que os seus datos están adecuadamente salvagardados cando se transfiren a países ou territorios con leis de protección de datos menos estritas que as do país ou territorio onde está Vde. situado. Se non está satisfeito coa manipulación dos seus datos persoais por parte de Symantec pode interpoñer unha reclamación ante Symantec ou, nos estados da Unión Europea, ante unha autoridade supervisora competente. Pode atopar máis información destes dereitos e das prácticas de protección de datos de Symantec no noso Portal de privacidade (<https://www.symantec.com/privacy>), ao cal pode acceder en calquera momento desde un dispositivo con conexión a Internet.

Para os propósitos desta sección, as referencias a Symantec deberán entenderse do seguinte xeito:

- Para usuarios en América, Symantec Corporation, 350 Ellis Street, P.O. Box 7011 Mountain View, CA 94043 U.S.A., teléfono: +1 650 527 8000, correo electrónico: privacyteam@symantec.com;
- Para usuarios das rexións de Europa, Oriente Medio ou África, incluídos os estados membros da UE/AEE: Symantec Limited, Ballycoolin Business Park, Blanchardstown, Dublín 15, Irlanda, teléfono: +353 1 803 5400, correo electrónico: privacyteam@symantec.com (Supervisor de Protección de Datos da UE: Heward Mills, Fitzwilliam Hall, Fitzwilliam Place, Dublín 2, DPO@symantec.com);

- **Para usuarios da rexión de Ásia, Pacífico e Xapón, Symantec Singapore PTE Limited, 6 Temasek Boulevard, #21-01, Suntec Tower 4, teléfono: Singapur-038986, correo electrónico: APJ_Privacy@symantec.com.**

Os seguintes termos aplicaranse a todos os usuarios:

Segundo os seus axustes de configuración e preferencias, e dependendo dos incidentes e riscos de seguridade detectados, o Software e os nosos servidores poden recoller certa información do Dispositivo no que están funcionando, que podería incluír datos persoais coma:

- Como parte de Norton Community Watch, información do produto e do dispositivo, uso de Internet no que se refire ao software malicioso e aos sitios web potencialmente fraudulentos, ademais dos procesos e aplicacións en funcionamento no momento no que se detecta un risco de seguridade. Esta recolección de datos non está deseñada nin destinada a recoller os seus datos persoais. Symantec non procesará ningún destes datos de xeito que ou cun obxectivo que procure identificalo a Vde. ou que implique a súa identificación intencionada, a avaliación de características persoais relativas a Vde., a realización dun perfil de Vde. ou a toma de determinacións dunha natureza persoal relativa a Vde. Symantec tomará as medidas técnicas e organizativas razoables para facer anónimos ou eliminar calquera dos seus datos persoais que poidan recollese incidentalmente para os obxectivos de Norton Community Watch. Estes datos son necesarios para identificar riscos de seguridade de xeito eficaz no seu Dispositivo e, a través da agregación de datos da comunidade de Norton, proporcionar información esencial para impedir as devanditas ameazas de seguridade e mellorar a seguridade do usuario e a funcionalidade do produto, ademais de supervisar a eficacia das tarefas e os axustes específicos de Norton no seu Dispositivo. Comprende e recoñece que se desactiva a recolección de datos para o obxectivo de Norton Community Watch mediante a alteración da configuración predeterminada do Dispositivo, pode reducir a capacidade de Symantec de identificar e impedir riscos de seguridade de xeito eficaz e, deste xeito, afectarlles á súa protección e á do seu Dispositivo ante tales riscos.
- Datos telemétricos sobre riscos potenciais de seguridade así coma os URL e os enderezos de protocolo de Internet (IP) dos sitios web visitados que o Software considere potencialmente fraudulentos. Aínda que estes enderezos IP non son datos persoais de por si, certos URL poden conter datos persoais que un sitio web potencialmente fraudulento intenta obter sen o seu permiso. Symantec recolle estes datos telemétricos co obxectivo de satisfacer as funcionalidades do Software, incluída a súa protección ante a recolleita non autorizada dos seus datos persoais, así como para avaliar e mellorar a capacidade dos produtos de Symantec de detectar comportamentos maliciosos, sitios web potencialmente fraudulentos e outros riscos de seguridade en Internet.
- Sempre que estean activadas as funcións Norton Safe Web ou Safe Search, os URL e os enderezos de protocolo de Internet (IP) dos sitios web visitados así como as palabras clave e os resultados de busca. Symantec recolle esta información telemétrica co obxecto de proporcionarlle a protección que se agarda razoablemente destes dispositivos, e de avaliar e advertilo de riscos e ameazas potenciais que poden estar asociadas cun sitio web concreto antes de que o visite.
- Arquivos executables e aqueles con contido executable (p. ex. documentos que conteñen macros) que se identifican como posible software malicioso, incluída a información dos procesos realizados polos devanditos arquivos no momento da instalación. Estes arquivos envíanse a Symantec usando a función de envío do Software. Esa función de envío pode desactivarse tras a instalación seguindo as instrucións da Documentación para os produtos correspondentes. Os arquivos recollidos poderían conter datos persoais, en concreto información sobre Vde. obtida polo software malicioso sen o seu permiso. Symantec recolle este tipo de arquivos co único obxectivo de mellorar a capacidade dos produtos de Symantec para detectar esa clase de comportamentos maliciosos que realiza o software malicioso e de proporcionarlle a Vde. e a outros usuarios unha protección superior contra ameazas similares no futuro.
- O nome que se lle deu ao Dispositivo cando se configurou. Se se recolle, Symantec utilizará este nome

para identificar a conta do Dispositivo no que Vde. pode escoller recibir outros servizos e/ou mediante o que poderá usar certas funcións do Software. Poderá mudar o nome desta conta en calquera momento tras a instalación do Software e é recomendable que así o faga.

- Información de estado relacionada coa instalación e o funcionamento do Software. Esta información indícalle a Symantec se a instalación do Software concluíu correctamente e se o Software atopou algún erro. A información sobre o estado pode conter datos persoais identificativos só no caso de que esta información estea incluída no nome do arquivo ou cartafol que atopou o Software durante a instalación ou erro. Symantec recolle a información de estado co fin de avaliar e mellorar o rendemento dos seus produtos e a porcentaxe de instalacións correctas.
- A información contida nas mensaxes de correo electrónico que Vde. envíe a través do Software a Symantec para informar de spam ou dunha identificación incorrecta dun elemento como spam. É probable que os metadatos e o contido de tales mensaxes de correo electrónico conteñan datos persoais identificativos, que só se enviarán a Symantec co seu permiso e nunca de xeito automático. Se Vde. envía tales mensaxes a Symantec, Symantec só as usará co obxectivo de mellorar o rendemento de detección da tecnoloxía antispam de Symantec. Symantec non correlacionará nin casará eses arquivos con ningún outro dato persoal.
- A información telemétrica contida nun informe que Vde. pode escoller enviar a través do Software a Symantec cando o Software atope un problema. O informe inclúe información relacionada co estado do Software e do seu Dispositivo no momento en que o Software atopou o problema. A información de estado sobre o seu Dispositivo pode incluír o idioma do sistema, información sobre a súa localización e a versión do sistema operativo do seu Dispositivo, así como os procesos que estaban a executarse e o seu nivel de rendemento e datos dos ficheiros e cartafoles que estaban abertos no momento en que o Software atopou o problema. A información podería conter datos persoais se esa información está incluída nos arquivos ou cartafoles abertos no momento en que o Software atopou o problema, ou se forma parte do nome deles. Esta información só se lle enviará a Symantec co seu permiso e nunca de xeito automático. Symantec recolle esta información co fin de emendar o problema atopado e mellorar o rendemento dos produtos de Symantec. Esta información non se correlacionará nin se casará con ningún dato persoal.
- O enderezo de protocolo de Internet (IP), a información xeográfica asociada e/ou o enderezo de control de acceso aos medios (MAC), así como o identificador do Dispositivo no cal se executa o Software. Esta información recóllese e procésase só co obxectivo de permitir que o Software funcione axeitadamente e cumprindo os requisitos locais aplicables, así como para os efectos relacionados coa administración de licenzas lexítimas de Symantec.
- Nun Dispositivo móbil: A información relacionada coa localización do seu Dispositivo se a funcionalidade antirroubo está habilitada. As imaxes que captura a cámara do Dispositivo se está dispoñible e habilitada. O identificador único universal (UUID) xerado como número de identificación do Dispositivo co obxectivo de permitir o funcionamento do Software e dos Servizos e de xestionar a licenza.
- Nun Dispositivo móbil: O IMEI (International Mobile Equipment Identity) procésase para xerar un hash que garanta o anonimato. O hash utilízase para analizar e agregar datos de equipos con obxectivos estatísticos. Symantec non recompila nin almacena o código IMEI. O Software tamén supervisa os cambios no código IMSI (International Mobile Subscriber Identity) para poder seguir proporcionando o servizo mesmo cando os usuarios cambian a tarxeta SIM. Symantec non recompila nin almacena o código IMSI. A información anterior utilízase para identificar o Dispositivo de telecomunicacións que sexa apto para recibir Actualizacións de contido para o Software e os Servizos. Esta información non se correlacionará con outro tipo de información persoal identificable como, por exemplo, a información da súa conta. Cando finaliza o servizo, os datos consérvanse en estatísticas só para investigacións internas. Symantec pode compartir estes datos con contratistas externos e/ou con procesadores de datos segundo sexa necesario para a xestión de contas.

- Nun Dispositivo móbil: O enderezo MAC (Media Access Control) da Wi-Fi do Dispositivo en que o Software está instalado para que este poida funcionar e para a administración de licenzas.
- Outra información estatística xeral sobre o funcionamento do Software. Polo xeral, a información estatística nin identifica nin é empregada por Symantec para identificalo a Vde. e será procesada de xeito global co obxecto da análise e mellora da funcionalidade do produto.

Segundo os seus axustes de configuración e preferencias, se procede, a información descrita máis arriba só se recolle se é necesaria para os propósitos de entrega, mantemento, seguimento e mellora continua do desempeño da funcionalidade do Software contemplados neste Contrato.

A información pode transferirse ao grupo Symantec nos Estados Unidos ou outros países que poidan ter unhas leis de protección de datos menos estritas que as da rexión na que se atopa Vde. (incluída a Unión Europea) e pode ser accesible para os empregados e provedores de Symantec só cos fins anteriormente descritos. Con estes mesmos fins é posible que compartamos esta información con socios e distribuidores que a procesarán en nome de Symantec. Symantec tomou as medidas legais, técnicas e de organización necesarias para garantir que os datos recollidos, se se transfiren internacionalmente ou a terceiros, teñan un nivel de protección adecuado en todo momento.

Suxeita á lexislación aplicable, Symantec resérvase o dereito de cooperar con calquera proceso xudicial, coas autoridades competentes ou calquera outra solicitude governamental relacionada co uso que Vde. fai do Software. Isto significa que Symantec pode achegar os documentos e a información solicitada polas autoridades legais seguindo os procesos regulamentarios axeitados. Co obxecto de facilitar o coñecemento, detección e prevención dos riscos de seguridade en Internet, Symantec pode compartir certa información con organizacións de investigación e outros provedores de software de seguridade. Symantec poderá tamén utilizar as estatísticas derivadas da información para facer un seguimento e publicar informes sobre as tendencias dos riscos que afectan á seguridade.

Ao usar o Software Vde. recoñece que Symantec pode recoller, transmitir, almacenar, divulgar e analizar a información mencionada neste contrato para os propósitos descritos na Declaración de Privacidade Global de Symantec e no Servizo e Produto de Norton dispoñibles en <https://www.symantec.com/privacy>.

9. Requisitos para Apple. Se descarga o Software da App Store de Apple iTunes (“App Store”), recoñece e acepta os seguintes termos adicionais: (a) Este Contrato de licenza establécese unicamente entre Vde. e Symantec e non con Apple, Inc. (“Apple”) e Apple non se responsabiliza da Aplicación nin do seu contido; (b) o uso do Software límitase ao produto da marca Apple que teña o sistema operativo iOS que Vde. controla ou do que é propietario segundo o permitido nas Normas de uso indicadas nos Termos de servizo da App Store; (c) Apple non ten a obriga de proporcionar ningún tipo de servizo de asistencia ou mantemento a respecto do Software; (d) en caso de falta de conformidade do Software a respecto de calquera tipo de garantía aplicable que non fose rexeitada, (i) poderá notificarlo a Apple para que lle reembolsen o importe que pagou polo Software a través da App Store e (ii) ata o límite máximo permitido pola lei, Apple non terá ningunha obriga de garantía a respecto do Software; (e) Apple non é responsable das reclamacións, perdas, obrigas, danos, custos ou gastos relacionados co Software ou a súa posesión e/ou uso do Software, onde se inclúen, entre outras, (i) a responsabilidade dos produtos e as reclamacións de garantía; (ii) calquera reclamación relacionada coa falta de conformidade do Software con calquera requisito normativo ou legal correspondente e (iii) a protección do consumidor ou reclamacións similares; (f) Apple non se responsabiliza de investigar, defender, acordar ou rexeitar calquera tipo de reclamación dun terceiro que afirme que o Software ou a posesión e uso deste infrinxen o dereito de propiedade intelectual do devandito terceiro; (g) Vde. representa e garante que (i) non se atopa en ningún país suxeito a embargo por parte do goberno dos EE. UU. ou designado polo goberno dos EE. UU. como país “que apoia o terrorismo” e (ii) que non figura en ningunha lista do goberno dos EE. UU. de partes prohibidas ou restrinxidas; (h) ten a responsabilidade de cumprir con calquera termo de contrato de calquera terceiro correspondente ao utilizar a Aplicación; e (i) Apple e os seus subsidiarios son terceiros beneficiarios deste

Contrato de licenza; como terceiro beneficiario, Apple terá dereito a facer respectar este Contrato de licenza fronte a Vde.

**ANEXO DE SERVIZOS DO
CONTRATO DE LICENZA
DE NORTON**

**TERMOS E CONDICIÓN
PARA
SERVIZOS ADICIONAIS**

**1. COPIA DE SEGURIDADE EN LIÑA;
ASISTENCIA TÉCNICA; RENOVACIÓN
AUTOMÁTICA; GARANTÍA DE
DEVOLUCIÓN DO DIÑEIRO**

IMPORTANTE: LEA ATENTAMENTE OS TERMOS E CONDICIÓN DESTE CONTRATO DE SERVIZOS (“CONTRATO DE SERVIZOS”) ANTES DE EMPREGAR OS SERVIZOS (COMO SE DEFINE MÁIS ABAIXO). SYMANTEC CORPORATION E AS SÚAS FILIAIS (“SYMANTEC”) ACORDAN OFRECERLLE OS SERVIZOS A VDE. COMO PARTICULAR, EMPRESA OU ENTIDADE LEGAL QUE EMPREGARÁ OS SERVIZOS (REFERIDO EN ADIANTE COMO “VDE.”; “O/S SEU/S OU A/S SÚA/S”) SÓ COA CONDICIÓ DE QUE ACEPTE TODOS OS TERMOS DESTE CONTRATO DE LICENZA. ESTE É UN CONTRATO LEGAL E EXECUTABLE ENTRE VDE. E SYMANTEC. AO ABRIR ESTE PAQUETE, ROMPER O SELO, PREMER O BOTÓN DE “ACEPTO” OU “SI”, INDICAR DE CALQUERA OUTRO XEITO O SEU CONSENTIMENTO ELECTRÓNICO OU EMPREGAR OS SERVIZOS, VDE. ACEPTA OS TERMOS E CONDICIÓN DESTE CONTRATO DE LICENZA. SE NON ESTÁ DE ACORDO CON ESTES TERMOS E CONDICIÓN, PREMA NO BOTÓN “CANCELAR”, “NON”, OU “PECHAR VENTÁ” OU INDIQUE DOUTRO XEITO O SEU REXEITAMENTO, INTERROMPA O USO DOS SERVIZOS E CONTACTE (i) CO SEU PROVEDOR OU CO SERVIZO DE ATENCIÓ AO CLIENTE DE SYMANTEC EMPREGANDO OS DATOS DE CONTACTO DA SECCIÓ 12 DESTE CONTRATO DE LICENZA PARA VER MÁIS INFORMACIÓ ACERCA DE COMO OBTEN A DEVOLUCIÓ DO IMPORTE QUE PAGOU POLO PERÍODO DA LICENZA ACTUAL (SEGUNDO SE DEFINE MÁIS ABAIXO, AGÁS OS CUSTOS DE EXPEDICIÓ, MANIPULACIÓ E CALQUERA TAXA APLICABLE EXCEPTO EN DETERMINADOS ESTADOS E PAÍSES ONDE SON REEMBOLSABLES A EXPEDICIÓ, A MANIPULACIÓ E AS TAXAS), EN CALQUERA MOMENTO DENTRO DO PRAZO DE SESENTA (60) DÍAS DESPOIS DA DATA DE COMPRA DUNHA SUBSCRICIÓ ANUAL OU DENTRO DE TRINTA (30) DÍAS DESPOIS DA DATA DE COMPRA DUNHA SUBSCRICIÓ MENSUAL; OU (ii) CO SEU PROVEDOR (COMO SE DEFINE MÁIS ABAIXO) PARA VER MÁIS INFORMACIÓ ACERCA DE COMO OBTEN A DEVOLUCIÓ SE ADQUIRIU O SOFTWARE A TRAVÉS DEL.

Mediante este Contrato de servizos, Symantec acepta proporcionarlle os seguintes servizos (“Servizos”), que se describen de xeito detallado neste Contrato de servizos:

1. Restricións do Servizo. Só pode adquirir Servizos para uso persoal e non para fins comerciais. Non se autoriza a adquisición para a revenda comercial. Non ten permitido, nin pode autorizar outra persoa a:
 - A. Sublicenciar, alugar ou ceder mediante leasing calquera parte dos Servizos. Aplicar enxeñaría inversa, descompilar, desensamblar, modificar, traducir, tentar descubrir o código fonte dos Servizos nin crear funcións derivadas dos mesmos.
 - C. Fornecer, ofrecer ou poñer á disposición os Servizos como parte da xestión de recursos, tempo compartido, dun provedor de servizos ou dunha oficina provedora de servizos en liña.
 - D. Empregar os servizos de calquera xeito que non se permita de acordo con este Contrato de Servizos ou coa lei.

Os Servizos poden incluír características e funcionalidades ou poden acceder a contido do sitio web dun terceiro. Esas características, funcionalidades ou contido poden estar suxeitos aos termos de servizo e políticas de privacidade das terceiras partes.

2. Período dos Servizos.

O “Período de servizo” comezará na primeira das seguintes datas: (a) na data da instalación inicial ou do uso do Software nun ordenador, entorno virtual, móbil ou dispositivo informático móbil (un "Dispositivo"); (b) na data en que aceptou este Contrato de servizos; (c) se adquiriu o Software ou Servizo na tenda en liña de Norton, na data en que realizou a compra; (d) se recibiu o Software como parte dunha oferta de varios produtos, na data en que se realizou esa compra da oferta de varios produtos; ou (e) se obtivo os dereitos para utilizar o Servizo como se describe neste Contrato de servizos dun provedor autorizado ("Provedor") de Symantec, na data establecida polo devandito provedor. O Período de servizo terá unha duración equivalente á establecida nesta Documentación ou na documentación da transacción pertinente do distribuidor autorizado, vendedor ou Provedor do que Vde. obtivo o Software. O Servizo podería desactivarse automaticamente e deixar de funcionar ao remate do Período de servizo e Vde. non terá dereito a recibir o Servizo a non ser que se renove o Período de servizo. As subscricións para renovar o Período de servizo (i) estarán dispoñibles de acordo coa política de asistencia de Symantec publicada en https://support.norton.com/sp/en/us/home/current/solutions/v74023230_EndUserProfile_en_us ou (ii) o seu Provedor fornecerallas de acordo coas súas políticas, se obtivo o Software del.

3. Actualizacións automáticas de contido:

A. Vde. ten dereito a recibir novas funcións e versións dos Servizos de Symantec, segundo o seu criterio exclusivo, pon tales funcións e versións a disposición dos usuarios durante o seu Período de Servizo. Symantec realiza un esforzo continuo por mellorar a facilidade de uso e o rendemento dos seus produtos e servizos. Co fin de optimizar os Servizos e proporcionarlle a versión máis actual destes, Vde. acepta que os Servizos poidan ser modificados co criterio exclusivo de Symantec. Así mesmo acepta recibir e permitir que Symantec lle entregue as novas actualizacións e versións. Ademais, Symantec pode modificar os termos e condicións aplicables ao seu uso dos Servizos para reflectir esas actualizacións e versións e Vde. acepta tales termos actualizados. A non ser que aceptase explicitamente eses cambios, ao continuar utilizando os Servizos despois de que se fagan efectivas as modificacións, acepta a súa vinculación aos termos revisados.

4. Activación requirida. Conta de Norton:

A. Poden existir medidas tecnolóxicas nos Servizos deseñadas para previr o uso sen licenza ou ilegal dos Servizos. Vde. acepta que Symantec pode empregar esas medidas para protexerse contra a piratería dos Servizos. Este Contrato de servizos e os Servizos que conteñen tecnoloxías de execución poden precisar activación como se detalla máis adiante na Documentación. Así mesmo, os Servizos só serán operativos por un período limitado de tempo previa activación dos Servizos por parte de Vde. Se Vde. non completase a activación dos Servizos dentro do período de tempo establecido na Documentación, ou como se indica nos Servizos, estes poden interromper o seu funcionamento ata que se complete a activación; momento no cal se restablecerá o funcionamento dos Servizos. No caso de que non sexa capaz de activar os Servizos a través de Internet ou de calquera outra forma indicada durante o proceso de activación, pode contactar ou ben co (i) Servizo de atención ao cliente de Symantec empregando a información proporcionada por Symantec ou a indicada máis abaixo na sección 12, ou ben co (ii) seu Provedor ou a entidade indicada nos documentos que este lle proporcionou, no caso de que obtivese os Servizos a partir do seu Provedor.

B. Conta de Norton. Pode requirirse unha conta vixente Symantec Norton Account (Conta de Norton) para acceder e usar os Servizos. Neste caso, se Vde. non ten unha Conta de Norton, deberá completar o proceso de rexistro correspondente para crear unha conta e poder usar os Servizos. Non será necesaria un Conta de Norton se Vde. obtivo os dereitos de uso por parte dun Provedor que lle solicite ter unha conta de usuario distinta (“Conta de Provedor”) para acceder e usar os Servizos. Consulte a documentación de operatividade correspondente co seu Provedor para determinar se se require unha Conta de Norton ou unha Conta de Provedor para acceder e usar os Servizos. É a súa propia responsabilidade manter a confidencialidade do contrasinal da Conta de Norton

ou da Conta de usuario de Proveedor. Ademais, se Vde. transfere todos os seus dereitos dos Servizos de acordo con este Contrato, deberá tamén renunciar ao seu acceso ou xestión dos Servizos transferidos da súa Conta de Norton. Contacte co servizo de atención ao cliente de Symantec ou visite a páxina de soporte de Symantec indicada máis abaixo.

5. Funcións Safe Search e Online Backup:

Safe Search. Os Servizos poden incluír a función Safe Search, que lle proporciona a capacidade de navegar de forma segura en Internet. Esta función ofrécese, entre outras opcións, por medio dunha barra de ferramentas de busca ou unha extensión de navegador de Symantec.

Online Backup.

O Software poderá incluír unha función para gardar copias de seguridade en liña, o que lle ofrece a posibilidade de almacenar e recuperar os seus datos no sistema de Symantec a través de Internet durante o Período de servizo ("Función Online Backup"); dependendo da cantidade de espazo proporcionada co Software ou da que Vde. adquira de xeito adicional. Se desexa utilizar a función de copia de seguridade en liña, cómpre que leve a cabo o proceso de activación para esa función no Software.

a. **Dispoñibilidade.** A Función Online Backup fornécese "tal cal" e "suxeita a dispoñibilidade" e Symantec non se responsabiliza de pagar por ningún dano ou perda causado por interrupcións razoables do servizo da devandita función por mor de operacións programadas de mantemento, operacións de mantemento como resposta a problemas graves ou factores que escapen ao control de Symantec.

b. **Conduta e responsabilidade do usuario, cumprimento da lexislación aplicable.** O uso da Función Online Backup (incluída a transmisión dos datos que por vontade propia almacene mediante o uso da Función Online Backup ["Datos"]) está suxeito á lexislación e ás normativas locais, rexionais, nacionais e internacionais aplicables, incluídas (mais non exclusivamente) as leis de exportación dos Estados Unidos. Vde. comprométese a cumprir tales leis e regulacións aplicables e as especificacións descritas nesta Documentación ou na documentación pertinente que obtívase do distribuidor autorizado, vendedor ou Proveedor mediante o que adquiriu os Servizos e a non (i) utilizar a Función Online Backup con fins ilícitos, (ii) transmitir ou almacenar material que poida infrinxir os dereitos de propiedade intelectual ou outros dereitos de terceiros, ou que sexa ilegal, delituoso, difamatorio, ofensivo ou que invada a privacidade allea; (iii) transmitir nin almacenar datos que pertencen a terceiros sen o consentimento previo do propietario dos datos esixido pola lei para a súa transmisión a Symantec co propósito de almacenalos dentro dos Estados Unidos; (iv) transmitir ningún material que conteña virus ou outro código informático malicioso, ficheiros ou programas como troianos, vermes ou bombas de tempo; (v) interferir ou alterar servidores ou redes conectadas á Función Online Backup; ou (vi) tentar acceder sen autorización á Función Online Backup, ás contas doutros usuarios ou a redes ou sistemas informáticos conectados á Función Online Backup.

As obrigas descritas nesta sección referentes ao uso da Función Online Backup aplícanse sobre calquera uso desta Función por parte da súa Conta de Norton. Vde. ten a absoluta responsabilidade sobre o uso da Función Online Backup e sobre os Datos transmitidos ou almacenados mediante esta Función a través da súa Conta de Norton.

En tanto que a lexislación aplicable o permita, Vde. comprométese a pagar a Symantec, ás súas matrices, subsidiarias, filiais, aos executivos, directivos, empregados e axentes o importe correspondente a calquera reclamación, demanda, custo, dano, perda, responsabilidade e gasto (incluídos os honorarios razoables dos avogados) ocasionados a terceiras partes procedentes do uso da función de copia de seguridade en liña ou en relación con esta a través da súa Conta de Norton na medida en que tales reclamacións, demandas, custos, danos, perdas, responsabilidades e gastos xurdan como resultado do incumprimento deste Contrato de licenza pola súa parte, da súa negligencia ou de accións malintencionadas. Neste compromiso de pagamento poderase incluír, entre outros, a obriga de asumir os importes de tales reclamacións, demandas, custos, danos, perdas, responsabilidades e gastos que xurdan ou teñan relación cos Datos transmitidos ou almacenados desde a súa Conta de Norton mediante a función de copia de seguridade en liña.

c. Rescisión, suspensión. O seu dereito de utilizar a Función Online Backup rematará cando venza o Período de servizo. Symantec pode interromper ou finalizar inmediatamente o uso da Función Online Backup durante o Período de servizo se Vde. incumpre ou Symantec ten motivos razoables de que Vde. incumpriu os termos e condicións (exceptuando incumprimentos triviais ou sen consecuencias) ou calquera outro mal uso da Función Online Backup. A partir do vencemento ou rescisión do Período de servizo:

Symantec poderá eliminar de xeito permanente todos os Datos almacenados no espazo para copia de seguranza en liña que se proporciona xunto co Software e cos Servizos;

Symantec non estará obrigado a conservar tales Datos, reenviarllos a Vde. nin a terceiros nin migralos a outro servizo ou conta de copia de seguridade; e

Vde. non poderá almacenar os Datos en ningún outro espazo adicional que adquirise por separado excepto no caso de que renove o Período de servizo e mentres este non sexa efectivo.

d. Outros aspectos. Symantec non ten obriga de supervisar o uso da función de copia de seguridade en liña nin os Datos transmitidos ou almacenados mediante esta. En tanto que a lexislación aplicable o permita, e malia as disposicións recollidas no apartado 10 incluído máis abaixo, Symantec resérvase o dereito en todo momento de supervisar, revisar, conservar ou revelar calquera dos Datos ou outra información requirida para cumprir cos preceptos de calquera lei, regulamento, proceso xudicial ou orde governamental, ou para investigar calquera uso ou incumprimento sospeitoso do Contrato de licenza.

6. Servizo técnico:

Vde. terá acceso a certas funcións de asistencia que se ofrecen xunto co software, que poderán incluír mensaxes instantáneas en directo cun axente do servizo técnico ou a asistencia por parte dun axente mediante o acceso remoto ao seu ordenador (calquera asistencia técnica ofrecida xunto co Software denominarase neste Contrato de Servizos "Asistencia técnica"). Se se ofrecen estas funcións e Vde. escolle acceder á Asistencia técnica, entrarán en vigor as seguintes condicións. Symantec poderá ofrecer este Servizo técnico segundo o seu exclusivo criterio e sen ningunha garantía de ningún tipo agás as garantías aplicables en virtude das leis de protección ao consumidor vixentes na súa xurisdición, que non poden ser excluídas nin limitadas de ningunha forma. Vde. é o único responsable de efectuar unha copia de seguridade dos seus datos, software e programas antes de recibir calquera Asistencia técnica. No transcurso das operacións da Asistencia técnica, Symantec pode determinar se o problema técnico se atopa fóra do alcance desta Asistencia. Symantec resérvase o dereito de rexeitar, suspender ou rescindir calquera Asistencia técnica á súa enteira discreción.

7. Servizo de renovación automática de Norton:

A adquisición da subscrición a Norton inclúe o servizo de renovación automática. Cando acabe o seu Período de servizo, o Servizo renovarase e cargarase o prezo da renovación (e os impostos aplicables) no seu método de pagamento de forma automática sen que vostede faga nada máis. En calquera momento despois da compra, pode cambiar a súa configuración de subscrición e mesmo cancelar a súa renovación automática en manage.norton.com. Poderá solicitar a devolución do pagamento do servizo de renovación automática anual durante un prazo de sesenta (60) días desde a data da compra da renovación. Consulte a Política de devolución de Norton se necesita máis información sobre devolucions de produtos Norton.

8. Servizo de rede privada virtual ("VPN")

Os Servizos poden incluír unha función VPN ("Servizo VPN"). O Servizo VPN contrólase por Internet e pode incluír software cliente instalado no seu Dispositivo que interactúa cos servidores de Symantec (ou servidores pertencentes a terceiros adxudicatarios de Symantec) que lle permiten crear unha conexión virtual privada. Parte ou a totalidade do Servizo proporcionado a continuación pode estar fornecida por un terceiro onde se inclúe, entre outras, a infraestrutura de rede. O Software cliente do seu Dispositivo conéctase a unha infraestrutura de servidores en rede aloxada en Internet que funciona coma un servizo administrado por Symantec e outros provedores de servizo. O uso do software de cliente réxese polo Contrato de licenza.

A. Uso aceptable.

(i) Será responsable de manter e protexer a confidencialidade de toda a información da Conta de Norton que proporcionou, e será totalmente responsable de todas as actividades que ocorran nas devanditas Contas de Norton (agás calquera actividade efectuada ou autorizada expresamente por Symantec).

(ii) Será o único responsable da súa conduta en relación co Servizo. Acepta de xeito específico que cumprirá e cooperará con Symantec para facer fronte e/ou previr posibles infraccións da Lei de dereitos de autor da era dixital (DMCA) ou calquera outra lexislación similar á que estea suxeito, como acontece coa posta en marcha nos países da Unión Europea da Directiva 2001/29/EC do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de maio de 2001 acerca da harmonización de determinados aspectos dos dereitos de autor e dereitos relacionados na sociedade da información. No Reino Unido, estes están recollidos na Lei de patentes, deseños e dereitos de autor de 1988.

Tamén acepta que non utilizará o Servizo:

- a. para infrinxir ou promover a infracción das leis e normas vixentes;
- b. para cargar, publicar ou transmitir dalgún outro xeito calquera contido de natureza obscena, indecente ou pornográfica, ou que sexa dalgún xeito obxectable;
- c. dun xeito fraudulento ou enganoso;
- d. para cargar, publicar ou transmitir dalgún outro xeito contido sobre o que non Vde. ten dereito ou que poida infrinxir dalgún xeito os dereitos de propiedade intelectual dun terceiro;
- e. dun xeito que infrinxa ou viole, entre outros, os dereitos de privacidade, propiedade intelectual, confidencialidade ou dereitos contractuais.
- f. dun xeito que infrinxa ou contraveña calquera uso aceptable ou outra política ou termos e condicións que se poidan aplicar ao uso que lle dea a calquera sistema informático, rede ou sitio web;
- g. para difamar, abusar, acosar, abafar, ameazar ou violar os dereitos legais dos demais ou para emprender accións que invadan os dereitos de privacidade dos demais;
- h. para cargar, publicar ou transmitir dalgún xeito contidos que conteñan virus ou outros códigos informáticos prexudiciais ou arquivos como troianos ou vermes informáticos, entre outros;
- i. para cargar, publicar ou transmitir dalgún xeito calquera anuncio non solicitado ou non autorizado, materiais promocionais, "correo lixo", "correo non desexado", "cadeas de cartas", "esquemas piramidais" ou calquera outro tipo de solicitude;
- j. para tentar obter acceso non autorizado ao Servizo, ás contas doutros usuarios do Servizo ou a sistemas informáticos ou redes conectados ao Servizo; ou interferir ou interromper o Servizo, os servidores ou as redes conectadas ao Servizo;
- k. eliminar os dereitos de autor e outros dereitos de propiedade do Software ou Servizo;
- l. utilizar o Servizo ou Software para calquera uso comercial, comprendendo que o Software e o Servizo son para uso persoal e non comercial;
- m. eliminar, eludir, desactivar, danar ou interferir de calquera xeito coas funcións relativas á seguridade do Software ou Servizo, funcións que preveñen ou restrinxen o uso e a copia do Software, ou funcións que limitan o uso do Servizo;
- n. aplicar enxeñaría inversa, descompilar, desmontar ou tentar descubrir de calquera xeito o código fonte

do Servizo ou Software ou calquera parte destes, excepto e só na medida en que tal actividade estea expresamente permitida pola lexislación vixente a pesares desta limitación;

- o. modificar, adaptar, traducir ou crear obras derivadas baseadas no Software ou Servizo ou nalguna parte destes, excepto e só na medida na que a restrición anterior estea expresamente prohibida pola lexislación vixente; ou

comprende que, a pesares dos esforzos de Symantec e dos termos recollidos neste Contrato de servizos, é posible que quede exposto a contido que pode serlle ofensivo, indecente ou obxectable ao utilizar o Servizo VPN e, polo tanto, fará uso do Servizo VPN baixo a súa propia responsabilidade de expoñerse ao devandito contido.

(iii). Modificacións do Servizo VPN; modificacións dos termos do Servizo VPN. Ten dereito a recibir novas funcións e versións dos Servizos se Symantec, segundo o seu criterio exclusivo, pon tales funcións e versións a disposición dos usuarios durante o seu Período de servizo. Symantec realiza un esforzo continuo por mellorar a facilidade de uso e o rendemento dos seus servizos. Co obxectivo de optimizar o Servizo VPN, Symantec pode, segundo o seu criterio: (i) engadir, modificar ou eliminar funcións dos Servizos VPN, ou (ii) restrinxir temporalmente o uso dos Servizos VPN ou limitar a súa dispoñibilidade para efectuar actividades de mantemento en calquera momento, con ou sen notificación previa. Symantec tamén pode actualizar os termos deste Contrato de servizos e recoméndalle que revise de xeito regular os termos deste Contrato de servizos para comprobar posibles actualizacións. Mediante o seu uso continuado do Servizo VPN considerarase que acepta os termos actualizados deste Contrato de servizos.

(iv). Remate e suspensión. O seu dereito de utilizar o Servizo VPN rematará ao mesmo tempo que o vencemento do Período de servizo. Ademais, Symantec pode, segundo o seu criterio exclusivo, suspender ou finalizar inmediatamente o uso do Servizo VPN en calquera momento, mesmo sen notificación previa, se Vde. infrinxe os termos deste Contrato de Servizos, ou se Symantec ten motivos razoables para crer que os infrinxiu, ou se o uso que fai do Servizo VPN provoca que Symantec teña responsabilidade legal ou prexudique a outros usuarios do Servizo VPN (neste caso non se efectuará ningún reembolso).

9. Garantía de reembolso:

Se Vde. é o titular da licenza do Software e dos Servizos e non está completamente satisfeito cos produtos pola razón que sexa, non siga utilizando o Software e os Servizos e póñase en contacto (i) co vendedor autorizado que lle proporcionou o Software e os Servizos; (ii) co vendedor autorizado que lle proporcionou o Dispositivo que inclúe o Software e os Servizos cargados previamente neste, se obtivo o Software e os Servizos como parte dunha oferta incluída no Dispositivo; (iii) co Servizo de atención ao cliente de Symantec, mediante os datos de contacto que se especifican na sección 12 deste Contrato de servizos, para obter máis información sobre como conseguir o reembolso da cantidade que pagou polo Período de servizo actual (agás os custos de expedición, manipulación e calquera taxa aplicable excepto en certos estados e países onde son reembolsables a expedición, a manipulación e as taxas) durante os sesenta (60) días seguintes á data de adquisición dunha subscrición anual, durante os sesenta (60) días seguintes á data de adquisición dunha renovación automática dunha subscrición anual ou durante os trinta (30) días seguintes á data de adquisición dunha subscrición mensual (o "Reembolso").

Para evitar dúbidas, o Reembolso non será aplicable se Vde. obtivo o Software e Servizos a partir do noso Provedor. Ademais, o reembolso non será aplicable aos mesmos produtos Norton que xa fosen comprados e reembolsados.

10. Privacidade e protección de datos

(a) Cando emprega os Servizos, aplicarase a Política de Privacidade de Symantec que se atopa dispoñible a través do enlace "Política de Privacidade".

(b) Recolección de datos do Servizo VPN; normativa de protección de datos. En relación co seu uso do Servizo

VPN, Symantec pode recoller determinados datos de Vde. e conservalos, revelalos, transferilos ou procesalos de calquera outro xeito. Estes datos inclúen, entre outros, os seus datos persoais, os dos seus dispositivos e sistemas ou do uso que fai dos Servizos, como poden ser os datos do dispositivo móbil e a información da subscripción, ademais dos datos de uso do ancho de banda agregado e outros datos de uso temporal. A recolección destes datos é necesaria para (a) habilitar, optimizar e proporcionar os Servizos e a asistencia/mantemento que lle prestamos (Symantec tamén pode delegar estes labores en terceiros); (b) comprender o uso do produto e mellorar as experiencias do usuario cos produtos e servizos en xeral; e (c) proporcionar facturación, operacións na rede e asistencia. Ao instalar e/ou utilizar os Servizos, autoriza a Symantec a recoller datos persoais, tal e como se describe nesta sección.

(c) Cando solicite os Servizos de asistencia técnica, recollerase a seguinte información, que se enviará desde o seu Dispositivo a Symantec a través dunha conexión de Internet:

- A información proporcionada por Vde. ao representante do servizo de Symantec sobre o teléfono ou introducida por Vde. na interface en liña de Symantec cando solicita os Servizos; e
- O tipo e versión do sistema operativo e do navegador de Internet que emprega o seu Dispositivo.

Durante o curso dos seus Servizos, se se instala unha Ferramenta de software de asistencia, esta poderá recoller a seguinte información e enviala a Symantec a través dunha conexión segura:

- o número de arquivos escaneados, ameazas atopadas e ameazas amañadas pola ferramenta do software de asistencia;
- o tipo de ameazas atopadas;
- o número e tipo de ameazas que aínda non foron amañadas pola ferramenta do software de asistencia;
- se hai unha devasa activa;
- se hai un antivirus instalado en funcionamento e actualizado;
- información do navegador incluída a da configuración dos arquivos temporais e de seguridade;
- información do sistema relativa ao sistema operativo, memoria e espazo no disco, configuración do proxy e listaxes de directorios para a ferramenta do software de asistencia;
- o estado da seguridade (boa, media ou mala) do dispositivo definido pola ferramenta do Software de asistencia;
- programas instalados e información de procesos activos; e
- información e almacenamento de arquivos de rexistro de aplicación.

(d) Ademais, calquera dato que decida transmitir ou almacenar a través da función de copia de seguridade en liña (de estar dispoñible) transferirase e almacenarase en servidores de países que poden ter leis de protección de datos menos restritivas que as do país no que está Vde. (incluído, sen limitación, Estados Unidos). Estes servidores son operados por un terceiro ao cal Symantec lle pediu salvagardar os seus datos a través do contrato legalmente requirido. Se ten calquera pregunta sobre como trata Symantec os seus datos contacte co Servizo de asistencia ao cliente por medio dos datos de contacto da sección [12] "Xeral".

Toda a información recollida, como se indica máis arriba, é necesaria para a prestación dos Servizos, incluídos a análise, diagnose, resolución dos problemas cos que se atope e a optimización do desempeño dos produtos e servizos de Symantec. A información pódese transferir ao grupo Symantec nos Estados Unidos ou noutros países que poden ter leis de protección de datos menos estritas cás da rexión na que se atopa Vde. (incluída a Unión Europea), pero Symantec tomou medidas para que a información recollida, se é transferida, posúa un nivel de protección adecuado.

Syantec pode revelar a información recollida se un funcionario encargado de facer cumprir a lei lle solicita

facelo como se esixa ou permita segundo a lei ou en resposta a unha citación ou calquera outro proceso legal. Co obxecto de facilitar o coñecemento, detección e prevención dos riscos de seguridade en Internet, Symantec pode compartir certa información con organizacións de investigación e outros provedores de software de seguridade. Symantec poderá tamén utilizar as estatísticas derivadas da información para facer un seguimento e publicar informes sobre as tendencias dos riscos que afectan á seguridade.

Pode ver a información completa da política de privacidade de Symantec aquí:
<https://www.symantec.com/privacy>

11. Outra información importante

11.1. Exencións de garantías.

Para clientes comerciais

ATA O LÍMITE MÁXIMO PERMITIDO POLA LEI, (i) A GARANTÍA ANTERIOR É EXCLUSIVA E SUBSTITÚE A CALQUERA GARANTÍA PREVIA, SEXA EXPRESA OU IMPLÍCITA, INCLUÍDAS AS GARANTÍAS IMPLÍCITAS DE CALIDADE SATISFACTORIA E APTITUDE PARA UN PROPÓSITO ESPECÍFICO E (ii) SYMANTEC NON OFRECE NINGUNHA GARANTÍA EN RELACIÓN CON NON INCUMPRIMENTO DOS DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL.

CERTA LEXISLACIÓN PODE REFLECTIR GARANTÍAS OU IMPOÑERLLE A SYMANTEC OBRIGAS QUE (i) NON SE PODERÁN EXCLUÍR, RESTRINXIR NIN MODIFICAR OU QUE (ii) NON SE PODERÁN EXCLUÍR, RESTRINXIR NIN MODIFICAR EN CERTA MEDIDA. ESTE ACORDO ESTÁ ENCADRADO DENTRO DESTAS DISPOSICIÓNS LEGAIS. SE ESTAS DISPOSICIÓNS ESTATUTARIAS FOSEN PERTINENTES, SEN PREXUÍZO DE CALQUERA OUTRA DISPOSICIÓN DESTA CONTRATO E NA MEDIDA EN QUE SYMANTEC ESTÁ LEXITIMADA A FACELO, SYMANTEC LIMITA A SÚA RESPONSABILIDADE CON RESPECTO A CALQUERA RECLAMACIÓN BAIXO ESTAS DISPOSICIÓNS, NO QUE AOS SERVIZOS RESPECTA, E POR DECISIÓN DE SYMANTEC, Á SUBSTITUCIÓN DOS SERVIZOS OU Á PROVISIÓN DUNS EQUIVALENTES; Á REPARACIÓN DOS SERVIZOS; AO PAGAMENTO DOS CUSTOS DE SUBSTITUCIÓN OU ADQUISICIÓN DE SERVIZOS EQUIVALENTES; AO PAGAMENTO DA REPARACIÓN DOS SERVIZOS OU EN RELACIÓN A CALQUERA SERVIZO E, POR DECISIÓN DE SYMANTEC, AO REABASTECIMENTO OU PAGAMENTO DOS CUSTOS DE ABASTECIMENTO DOS SERVIZOS. CONTACTE CON (I) SYMANTEC CUSTOMER SUPPORT, PO BOX 5689, DUBLÍN 15, IRLANDA OU (II) SYMANTEC CUSTOMER SERVICE EN LEVEL 3, 437 ST KILDA RD, MELBOURNE, VIC 3004, AUSTRALIA OU VISITE A PÁXINA DE ASISTENCIA PARA O SEU PAÍS OU REXIÓN, QUE PODE ATOPAR EN <https://www.symantec.com/globalsites/> SE DESEXA INFORMACIÓN SOBRE A SUBSTITUCIÓN DO SERVIZO OU OBTEN O REEMBOLSO DA CANTIDADE QUE ABOOU POLO PERÍODO ACTUAL DO SERVIZO EN CALQUERA MOMENTO DURANTE OS SESENTA (60) DÍAS SEGUINTE A DATA DE ADQUISICIÓN DUNHA SUBSCRICIÓN ANUAL OU NOS TRINTA (30) DÍAS SEGUINTE A DATA DE ADQUISICIÓN DUNHA SUBSCRICIÓN MENSUAL.

Para consumidores finais

Á parte da garantía que Symantec lle ofrece segundo a sección 7 do ANEXO DE SERVIZOS DO CONTRATO DE LICENZA DE NORTON: TERMOS E CONDICIÓNS PARA SERVIZOS ADICIONAIS e dos dereitos debidos a Vde. como consumidor, Symantec non ofrece garantías adicionais en relación ao Software e Servizos.

Contacte con (i) Symantec Consumer Support, PO Box 5689, Dublín 15, Irlanda ou visite a páxina de asistencia para o seu país ou rexión que pode atopar en <https://www.symantec.com/globalsites/> se desexa información de como substituír os medios defectuosos ou obter un reembolso do total que pagou polo Período do servizo actual en calquera momento durante os sesenta (60) días seguintes a data de adquisición dunha subscripción anual ou nos trinta (30) días seguintes da data de adquisición dunha subscripción mensual.

11.2. Limitación de responsabilidade.

11.2.1 Responsabilidade con clientes comerciais:

Se Vde. é Consumidor, as seguintes disposicións desta sección 9.2.1 non son aplicables a Vde. excepto ata o límite que baixo a lexislación aplicable na súa xurisdición poidan ter certas disposicións de consumidor aplicables ao seu uso dos Servizos independentemente do feito de que o devandito uso estea pensado con fins de negocios, comerciais ou profesionais. Pase a ler o apartado 9.2.2.

Se Vde. é un cliente comercial, por exemplo, se Vde. está a empregar os Servizos no transcurso dun negocio, trato comercial ou profesionalmente (un "Cliente comercial"), as seguintes disposicións desta sección 9.2.1 son aplicables a Vde. (independentemente de se Vde. acepta ou non os Servizos).

A. ATA O LÍMITE MÁXIMO PERMITIDO POLA LEI APLICABLE, EN NINGÚN CASO SERÁN RESPONSABLES SYMANTEC OU OS SEUS EMISORES DE LICENZAS ANTE VDE. (EN CASO DE NEGLIXENCIA OU INCUMPRIMENTO DE CONTRATO OU OUTROS) POLA PERDA DE BENEFICIOS, GANANCIAS, CONTRATOS COMERCIAIS, AFORROS PREVISTOS, PERDA OU CORRUPCIÓN DE DATOS DEBIDO AO USO OU INCAPACIDADE DE USAR OS SERVIZOS (INCLUÍDOS, ENTRE OUTROS, A FUNCIÓN ONLINE BACKUP E A ASISTENCIA TÉCNICA) OU DE CALQUERA OUTRO DANO PARTICULAR, DIRECTO, INDIRECTO, RESULTANTE OU SEMELLANTE, MESMO SE SYMANTEC FOSE ADVERTIDO DA POSIBILIDADE DE TALES DANOS.

B. ATA O LÍMITE PERMITIDO LEGALMENTE, A RESPONSABILIDADE DE SYMANTEC OU DOS SEUS EMISORES DE LICENZAS NON EXCEDERÁ O TOTAL DA COMPRA QUE VDE. PAGOU POLO PERÍODO DE SERVIZO APLICABLE.

C. Symantec terá responsabilidade ilimitada ante Vde. se (a) falece o resulta ferido grave como resultado dunha neglixencia de Symantec ou (b) se Vde. sofre perdas ou danos debido a actuacións fraudulentas de Symantec.

11.2.2 Responsabilidade cos consumidores:

Se Vde. é Consumidor, o apartado 9.2.2 é aplicable a Vde. Pregámoslle que o lea con atención. O apartado 9.2.2 non é aplicable aos clientes comerciais. Symantec asumirá a responsabilidade, sen limitación ningunha, en caso de que (a) Vde. morra ou resulte ferido como resultado de neglixencia por parte de Symantec ou (b) Vde. sufra danos ou perdas debido a actividade fraudulenta por parte de Symantec.

A. De acordo coas disposicións contempladas no apartado 9.2.2, Symantec non se fai responsable do pagamento de ningunha perda que non sexa consecuencia razoablemente previsible de incumprimento deste Contrato de licenza por parte de Symantec. Como Consumidor o seu uso dos Servizos non debe ser comercial. Symantec non será tampouco responsable ante Vde. de calquera perda de beneficios, ingresos, aforros previstos, contratos ou tempo derivados do uso ou imposibilidade de uso do Software nun erro grave.

B. Recomendámoslle encarecidamente que efectúe copias de seguridade dos seus datos con frecuencia.

C. Ten a obriga en todo momento de tomar as medidas razoables para minimizar as perdas.

11.3. Dereitos de propiedade. Symantec mantén a propiedade de todos os dereitos de propiedade dos Servizos e de todos os nomes comerciais, marcas comerciais e marcas de servizos asociados ou distribuídos xunto cos Servizos. Vde. non poderá retirar, modificar nin escurecer ningún dos logotipos ou lendas de marca ou copyright de Symantec ou outros reclamos de propiedade dos Servizos, ou incorporados ou asociados a eles. Non pode facer enxeñaría ou compilación inversas nin reducir de calquera outro xeito a unha forma de lectura humana ningún dos Servizos.

11.4. Forza maior. Ata o límite máximo permitido pola lei aplicable, Symantec non será responsable de ningún fallo de rendemento debido a circunstancias imprevistas ou a causas fóra do control razoable de Symantec, incluídos, entre outros, casos de forza maior, guerras (declaradas ou non), disturbios, embargos, actos das autoridades civís ou militares, ataque ou ameaza de ataque terrorista, lume, inundacións, accidentes, folgas,

bloqueos, fallos nas redes de telecomunicacións ou infraestruturas públicas ou privadas ou escaseza de medios de transporte, instalacións, combustible, enerxía, man de obra ou materiais. No caso de tal demora, Symantec estará exenta dese desempeño ata o límite en que se retrase ou entorpeza por tal causa.

11.5. Regulamento en materia de exportación. Recoñece que os Servizos e os servizos e datos técnicos relacionados (denominados no seu conxunto "Tecnoloxía controlada") poden estar suxeitos ás leis de exportación e importación dos Estados Unidos, particularmente ás normativas para a administración das exportacións (Export Administration Regulations [EAR]) dos EE. UU. e ás leis de calquera país a onde se importe ou reexporte a Tecnoloxía controlada. Acepta cumprir todas as leis relevantes e non exportar ningunha Tecnoloxía controlada que contraveña as leis dos EE. UU. nin a un país, entidade ou persoa prohibidos para os que sexa precisa unha licenza de exportación ou outra autorización gobernal. Está prohibido exportar ou reexportar calquera subscripción de Norton a Cuba, Corea do Norte, Irán, Siria e Sudán e a calquera país obxecto de sancións comerciais pertinentes. Vde. declara que non exportará nin venderá ningunha Tecnoloxía controlada para o seu uso en relación con armas químicas, biolóxicas ou nucleares; ou mísiles, aeronaves non tripuladas e vehículos espaciais capaces de transportar tales armas.

12.

Disposicións
xerais

A. Lexislación aplicable. Estes termos réxense polas leis de Inglaterra e Gales. Nada do disposto nestes termos diminuirá ningún dereito que Vde. teña baixo as leis existentes de protección ao consumidor ou calquera outra lei aplicable na súa xurisdición que non poida ser derogada por contrato.

B. Contrato completo. Os termos constitúen o contrato completo entre Vde. e Symantec en relación cos servizos e: (i) substitúen todas as comunicacións orais ou escritas, previas ou actuais, propostas e representacións con respecto ao seu contido; e (ii) prevalecen sobre os termos adicionais ou conflitivos de calquera afirmación, orde, recoñecemento ou comunicación similar entre as partes. Os Termos daranse por finalizados inmediatamente se Vde. os incumpre en relación, entre outras, coa ruptura das súas responsabilidades básicas, coma o pagamento e a non transferencia de obrigas, baixo as seccións 1 ou 4 aquí referidas; e coa vulneración dos dereitos de propiedade de Symantec ou coas leis aplicables de exportación e importación baixo as Seccións 11.3 e 11.5 aquí referidas, momento no cal Vde. deberá cesar inmediatamente o uso dos Servizos. As exencións de garantías e danos, así como as limitacións da responsabilidade establecidas nos Termos serán válidas tras a finalización do contrato. Se ten calquera pregunta con respecto aos Termos ou se desexa poñerse en contacto con Symantec por calquera motivo, escriba a Symantec Customer Support, PO Box 5689, Dublín 15, Irlanda ou visite a páxina de asistencia do seu país ou rexión, que pode atopar en <https://www.symantec.com/globalsites/>. Symantec non arquivará copia dos Termos.

CPS / SUBS_SOS 22.15 / IE

2. COMPROMISO DE PROTECCIÓN DO ANTIVIRUS DE NORTON

SE VDE. SELECCIONOU OU INICIOU UN SERVIZO COA LENDA "NORTON VIRUS PROTECTION PROMISE" ("SERVICE(S)") POR MEDIO DO SITIO WEB ("SITIO") DE SYMANTEC, APLICARANSE OS SEGUINTE TERMOS E CONDICIÓNS (OS "TERMOS"). ESTES TERMOS CONSTITÚEN UN CONTRATO LEGAL E VINCULANTE ENTRE A COMPAÑÍA SYMANTEC E AS SÚAS FILIAIS ("SYMANTEC") E VDE. PARA O USO DOS SERVIZOS. OS SERVIZOS DANLLE ACCESO 24 HORAS AO SERVIZO "HANDS-ON NORTONLIVE EXPERTS" DE SYMANTEC. "VDE.", "O/S SEU/S OU A/S SÚA/S" REFÍRESE AO PARTICULAR QUE ESTÁ A EMPREGAR OS SERVIZOS. A POLÍTICA E MATERIAIS NOMEADOS ESPECIFICAMENTE NOS TERMOS INCLÚENSE NESTES POLA SÚA REFERENCIA. ANTES DE PREMER NO BOTÓN "ACEPTO" OU "DE ACORDO", OU INDICAR DE CALQUERA OUTRA FORMA O CONSENTIMENTO PARA EMPREGAR OS SERVIZOS, LEA COIDADOSAMENTE OS SEGUINTE TERMOS.

NO CASO DE QUE VDE. NON ESTEA DE ACORDO COS TERMOS, SYMANTEC NON LLE PROPORCIONARÁ OS SERVIZOS. NESTE CASO VDE. DEBERÁ: (A) PREMER NO BOTÓN "CANCELAR"

OU SIMILAR, OU INDICAR DE CALQUERA OUTRA FORMA O REXEITAMENTO; E (B) NON EMPREGAR OS SERVIZOS OU CONTACTAR CO SERVIZO DE ATENCIÓN AO CLIENTE DE SYMANTEC POR MEDIO DOS DATOS DE CONTACTO DO CONTRATO DE LICENZA PERTINENTE.

AVISO IMPORTANTE: PERÍODO LIMITADO DE DEREITOS DE REEMBOLSO E DEVOLUCIÓN:

- SE VDE. ADQUIRIU OS SERVIZOS POR MEDIO DUNHA COMPRA EN LIÑA DE NORTON.COM, O DEREITO DE USO DOS SERVIZOS COMEZARÁ NA DATA EN QUE ADQUIRIU A SUBSCRICIÓN DE NORTON QUE INCLÚE O SERVIZO E REMATARÁ NO TEMPO ESTABLECIDO NA DOCUMENTACIÓN DE COMPRA DA SUBSCRICIÓN.
- SE VDE. ADQUIRIU OS SERVIZOS POR MEDIO DUNHA SUBSCRICIÓN AO SERVIZO DE RENOVACIÓN AUTOMÁTICA DE NORTON, ENTÓN O DEREITO DE USO DOS SERVIZOS COMEZARÁ NA DATA DA SUBSCRICIÓN E REMATARÁ AO FINAL DA SÚA SUBSCRICIÓN DE NORTON VIXENTE NAQUEL MOMENTO OU ATA QUE VDE. CANCELE A SÚA SUBSCRICIÓN AO SERVIZO DE RENOVACIÓN AUTOMÁTICA, O QUE OCORRA ANTES.

IMPORTANTE: ALGÚNS ESTADOS E XURISDICTIONS NON ADMITEN A EXCLUSIÓN PARA OS DEREITOS DE REEMBOLSOS TAL E COMO SE DESCRIBEN NESTA CLÁUSULA, DE XEITO QUE PODE NON SER APLICABLE A VDE. ADEMAIS ESTA CLÁUSULA NON AFECTA A NINGÚN OUTRO DEREITO DE DEVOLUCIÓN APLICABLE. AO PREMER NO BOTÓN “ACEPTAR” OU “DE ACORDO”, OU USAR OS SERVIZOS, CONSIDERARASE QUE VDE. ACEPTOU E CONSENTIU A VINCULACIÓN AOS TERMOS.

Compromiso de Protección do Antivirus de Norton

O Compromiso de protección inclúe un servizo de eliminación de virus ofrecido por un experto de Norton e inclúe as seguintes subscricións cualificadas de Norton: Norton Security (Standard, Deluxe ou Premium), Norton Small Business, Norton Internet Security, Norton AntiVirus, Norton 360 e Norton 360 Multi-Device. No improbable caso de que non sexamos capaces de eliminar o virus do seu dispositivo, Vde. poderá obter o reembolso da subscrición ou do paquete de Norton (segundo corresponda). Para que lle sexa aplicable o dereito de reembolso, teranse en conta os seguintes termos e condicións:

- (a) Excepto se Vde. é subscritor de Norton Small Business, deberá renovar ou actualizar a súa subscrición cualificada de Norton directamente de Norton.com ou subscribirse ao Servizo de Renovación Automática de Norton coa súa subscrición cualificada de Norton.
- (b) A súa devolución será unha devolución completa baseada no prezo real pagado polo período de subscrición en vigor de Norton. Se Vde. adquiriu un paquete de Norton (definido como subscricións e/ou servizos de Norton), o seu reembolso basearase no prezo real pagado polo prazo do seu paquete en vigor de Norton. Ou, no caso de que o paquete adquirido conteña unha subscrición de Norton xunto cunha subscrición/produto que non sexa de Norton, o seu reembolso limitarase ao prezo de venda recomendado polo fabricante da súa subscrición de Norton para o prazo en vigor, sen exceder o prezo total pagado por ese paquete. O reembolso será o resultado neto, sen contar descontos ou devolucións, menos calquera taxa aplicable, excepto en certos estados e países onde sexan reembolsables o envío, a manipulación e as taxas.
- (c) Se Vde. adquiriu a subscrición de Norton nun comerciante polo miúdo, é necesaria unha proba de compra.
- (d) Symantec non se fai responsable e o reembolso NON é aplicable a ningunha perda ou danos ocorridos como resultado de virus.
- (E) As leis e regulacións aplicables do país non cal se realizará o servizo de eliminación de virus poden limitar ou alterar a aplicabilidade ou alcance do compromiso de protección antivirus.

1. Servizos

1.1. Resumo de servizos

- (1) Introdución. Symantec proporcionará os Servizos tal e como se establece nos Termos no único

suposto de que o seu uso dos Servizos non sexa comercial. Un representante de servizos de Symantec tentará proporcionarlle os Servizos vía telefónica, a través de mensaxes instantáneas en directo no seu dispositivo ou por correo electrónico. Co obxecto de optimizar os Servizos, e só ata o límite permitido pola lei aplicable, Symantec pode, á súa discreción, modificar as características ou descrições dos Servizos cada certo tempo; non obstante, isto non afectará adversamente á calidade de ningún servizo específico que Symantec se comprometese expresamente a proporcionarlle.

(2) Ferramenta de Asistencia do Software e Acceso Remoto. Durante unha sesión de servizos, Symantec pode (i) solicitarlle a instalación de certo software de asistencia no seu dispositivo descargando o software de asistencia do Sitio e/ou (ii) solicitarlle autorización para o uso da ferramenta de asistencia remota por medio dun representante de servizos de Symantec para facilitarlle o acceso remoto a Symantec e controlar o seu dispositivo; e/ou (iii) empregar certo software de asistencia de terceiros no seu dispositivo, que será retirado unha vez que se complete a sesión de Servizos. O software de asistencia (incluído calquera software de terceiros) e a ferramenta de asistencia remota son propiedade de Symantec ou dos correspondentes emisores de licenzas e provedores terceiros e denominaranse no seu conxunto “Ferramentas de software de asistencia” nos Termos. A Ferramenta de software de asistencia usarase par analizar, diagnosticar, solucionar problemas máis difíciles e/ou proporcionar funcións optimizadas do sistema. Vde. pode empregar a Ferramenta de software de asistencia só como parte ou para o uso xunto co Servizo e para ningún outro propósito. Ao elixir recibir o soporte, Vde. accede a permitir que Symantec use calquera ferramenta de Asistencia de Software que sexa necesaria para reparar o seu dispositivo, incluído o acceso remoto. Vde. é consciente de que se se usa o acceso remoto no seu dispositivo, non quedará software residual da sesión de servizos; non obstante, haberá un informe xerado por xml ou flash. Tamén é coñecedor de que se Vde. elixe instalar a Ferramenta de software de asistencia no seu dispositivo descargándoa, accede a empregala de acordo co Contrato de uso da Ferramenta de software de asistencia de Symantec, que se pode atopar en ftp://ftp.symantec.com/public/english_us_canada/premium_services/Support_Tool_EULA.pdf (“Support Software Tool Usage Agreement”). Neste caso, Vde. deberá deixar de usar a Ferramenta de software de asistencia e retirala do seu dispositivo ao final da sesión de Servizos.

Syantec pode, pero non está obrigado a, facer seguimento e gravar as sesións de Servizos, incluídas as chamadas telefónicas e sesións en liña co obxectivo de mellorar o servizo ao cliente, a formación interna e a investigación interna de mercado. Pola presente, Vde. autoriza a Symantec a facer seguimento e gravar os Servizos e empregar ou revelar calquera información que sexa necesaria ou axeitada para cumprir calquera lei, regulación ou calquera outra solicitude governamental; para proporcionarlle os servizos a Vde. ou a outros usuarios e para mellorar os distintos servizos que Symantec poida ofrecerlle nun futuro. Do mesmo xeito, dá autorización a Symantec a combinar a súa información xunto coa doutros de xeito que non sexa posible identificalo a Vde. nin a ningún individuo persoalmente co obxecto de mellorar os Servizos, e para fins de formación, marketing, promoción e outros fins comerciais.

(3) Descrición dos Servizos, Requisitos Mínimos. É posible que algúns dispositivos non poidan recibir os Servizos incluso se o test inicial amosou que a súa conexión era adecuada ou a entorna do seu dispositivo era apropiada. Para recibir os Servizos, é necesaria unha conexión a Internet de alta velocidade. Symantec proporcionará o Servizo dando por sentado que Vde. coñece os requisitos mínimos:

Windows XP 32-Bit (Service Pack 3 ou posterior) Professional, Home Edition ou Media Center 2005

- 500 MHz CPU
- 512 MB RAM
- 500 MB de espazo de disco duro dispoñible
- Super VGA (800 x 600) ou resolución superior (adaptador de vídeo)
- É necesario que inicie sesión como administrador

Windows Vista 32-bit ou 64-bit (todos os Service Packs) Home Basic, Home Premium, Business ou Ultimate

- 1 GHz CPU
- 512 MB RAM mínimo (1 GB recomendado)
- 500 MB (32-bit) ou 850 MB (64-bit) de espazo de disco duro dispoñible
- Super VGA (800 x 600) ou resolución superior (adaptador de vídeo)
- É necesario que inicie sesión como administrador

Windows 7 32-bit ou 64-bit (todos os Service Packs) Home Basic, Home Premium, Business ou Ultimate

- 1 GHz CPU
- 512 MB RAM mínimo (1 GB recomendado)
- 500 MB (32-bit) ou 850 MB (64-bit) de espazo de disco duro dispoñible
- Super VGA (800 x 600) ou resolución superior (adaptador de vídeo)
- É necesario que inicie sesión como administrador

Windows 8 32-bit (todos os Service Packs) Home Basic, Home Premium, Business ou Ultimate

- 1 GHz CPU
- 512 MB RAM mínimo (1 GB recomendado)
- 500 MB (32-bit) ou 850 MB (64-bit) de espazo de disco duro dispoñible
- Super VGA (800 x 600) ou resolución superior (adaptador de vídeo)
- É necesario que inicie sesión como administrador

Windows 10 (todos Service Packs) Home ou Pro

- 1 GHz CPU ou máis con máis velocidade
- 1 GB (32-bit) ou 2GB (64-bit)
- 16 GB (32-bit) ou 20 GB (64-bit) de espazo de disco duro dispoñible
- Microsoft DirectX 9 dispositivo gráfico con driver WDDM 1.0
- Dispositivo compatible cunha resolución de 800x600
- É necesario que inicie sesión como administrador

Requisitos para Mac®

- Mac OS X 10.5, 10.7, 10.8 e 10.9
- Polo menos 256 MB de RAM
- O cliente debe ter como mínimo acceso como administrador no Mac
- O Mac debe ter conexión a Internet

Android™

- OS versión 2.3 ou posterior (deberá ter a aplicación Google™ Play instalada)

iOS®

- OS versión 6 ou posterior

1.2. Esforzos comercialmente razoables.

(i) Aínda que Symantec fará todos os esforzos comercialmente razoables para mellorar os Servizos, ámbolos dous, Vde. e Symantec, entenden e acordan que non todos os virus poden ser eliminados por medio dos Servizos; e Symantec non garante que poderá eliminar todos os virus do(s) seu(s) dispositivo(s).

(ii) No transcurso da prestación dos Servizos, Symantec pode chegar á conclusión de que o problema se atopa fóra do alcance dos Servizos. Symantec pode empregar os esforzos comercialmente razoables para indicarlle unha fonte alternativa axeitada; non obstante, Symantec non o transferirá directamente a unha fonte alternativa. Ata o límite permitido pola lei aplicable, Symantec resérvase o dereito a refusar, suspender ou finalizar calquera Servizo á súa única discreción.

2. **Responsabilidades do usuario**

2.1. Responsabilidades básicas. Vde. está de acordo en que é un usuario de licenza legal do Software no seu dispositivo e de que o seu uso en Internet corre soamente ao seu propio risco. Ao aceptar recibir os Servizos, Vde. confirma que (a) ten acceso total ao hardware e software que constitúen a orixe do problema, e que (b)

fixo unha copia de seguridade nun medio diferente de calquera software ou datos do hardware que sexan susceptibles de ser afectados polos Servizos. Toda a información que proporciona a Symantec debe ser precisa e completa, incluído o seu nome e enderezo e, se procede, calquera número de tarxeta de crédito ou débito, así como datas de caducidade ou outra información de pagamento que Vde. proporcione a Symantec. Ademais declara que autoriza a Symantec a facturar na tarxeta de crédito ou débito (segundo corresponda) que proporcione a Symantec calquera custo que consinta.

2.2. Exención de responsabilidade. Ata o límite permitido pola lexislación aplicable, Symantec non terá responsabilidade pola perda ou recuperación de datos, programas ou perdas de uso de sistema(s) ou conexións debidas aos Servizos ou calquera acto de omisión, incluída a negligencia por parte de Symantec e/ou dos seus representantes. Se Symantec traballa con Vde. con algún problema de contrasinal ou calquera outro problema en relación ao control de acceso, Symantec recomenda encarecidamente que Vde. volva xerar tal(es) contrasinal (contrasinais) inmediatamente despois da finalización dos Servizos.

2.3. Intransferibilidade. Os servizos non son transferibles. Vde. non pode empregar os Servizos en conxunto cunha oficina de servizos ou con calquera outro acordo de distribución ou participación, en nome dun terceiro ou con relación a calquera hardware ou software que non posúa persoalmente.

3. Privacidade e protección de datos

Cando Vde. visita o sitio, a Política de Privacidade de Symantec dispoñible no enlace de “Política de Privacidade” que se amosa no sitio será a que se aplique.

Cando Vde. solicita os Servizos, recollerase a seguinte información do seu dispositivo e enviarase a Symantec a través dunha conexión de Internet:

- A información proporcionada por Vde. ao representante do servizo de Symantec sobre o teléfono ou introducida por Vde. na interface en liña de Symantec cando solicita os Servizos; e
- o tipo e versión do sistema operativo e do navegador de Internet que emprega o seu dispositivo.

Durante o curso dos seus Servizos, se se instala unha Ferramenta de software de asistencia, esta poderá recoller a seguinte información e enviala a Symantec a través dunha conexión segura:

- o número de arquivos escaneados, ameazas atopadas e ameazas amañadas pola ferramenta do software de asistencia;
- o tipo de ameazas atopadas;
- o número e tipo de ameazas que aínda non foron amañadas pola ferramenta do software de asistencia;
- se hai unha devasa activa;
- se hai un antivirus instalado en funcionamento e actualizado;
- información do navegador incluída a da configuración dos arquivos temporais e de seguridade;
- información do sistema relativa ao sistema operativo, memoria e espazo no disco, configuración do proxy e listaxes de directorios para a ferramenta do software de asistencia;
- o estado da seguridade (boa, media ou mala) do dispositivo definido pola ferramenta do software de asistencia;
- programas instalados e información de procesos activos; e

- información e almacenamento de arquivos de rexistro de aplicación.

Toda a información recollida, como se indica máis arriba, é necesaria para a prestación dos Servizos, incluídos a análise, diagnose, resolución dos problemas cos que se atope e a optimización do desempeño dos produtos e servizos de Symantec. A información pódese transferir ao grupo Symantec nos Estados Unidos ou noutros países que poden ter leis de protección de datos menos estritas cás da rexión na que se atopa Vde. (incluída a Unión Europea), pero Symantec tomou medidas para que a información recollida, se é transferida, posúa un nivel de protección adecuado.

Symantec pode revelar a información recollida se un funcionario encargado de facer cumprir a lei lle solicita facelo como se esixa ou permita segundo a lei ou en resposta a unha citación ou calquera outro proceso legal. Co obxecto de facilitar o coñecemento, detección e prevención dos riscos de seguridade en Internet, Symantec pode compartir certa información con organizacións de investigación e outros provedores de software de seguridade. Symantec poderá tamén utilizar as estatísticas derivadas da información para facer un seguimento e publicar informes sobre as tendencias dos riscos que afectan á seguridade.

Pode ver a información completa da política de privacidade de Symantec aquí:

<https://www.symantec.com/privacy>

4. Outra información importante

4.1. Exencións de garantías. ATA O LÍMITE PERMITIDO POLA LEI APLICABLE E AGÁS POLA GARANTÍA DA SECCIÓN 1.2 QUE APARECE MÁIS ARRIBA, SYMANTEC RENUNCIA EXPRESAMENTE ÁS DEMAIS DECLARACIÓNS, CONDICIÓN E GARANTÍAS DE CALQUERA CLASE, EXPRESAS OU IMPLÍCITAS, INCLUÍDA SEN LIMITACIÓN CALQUERA GARANTÍA DE COMERCIALIZACIÓN OU APTITUDE PARA UN PROPÓSITO PARTICULAR OU DE NON INCUMPRIMENTO DOS DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL. ADEMAIS, ATA O LÍMITE PERMITIDO POLA LEI APLICABLE, SYMANTEC NON GARANTE QUE: (I) OS SERVIZOS E/OU O SITIO SATISFAGAN OS SEUS REQUIRIMENTOS; (II) OS SERVIZOS OU O SITIO FUNCIONEN SEN INTERRUPCIÓN, A TEMPO, DE FORMA SEGURA OU SEN ERROS; (III) OS RESULTADOS QUE POIDAN OBTERSE DO USO DOS SERVIZOS SEXAN PRECISOS OU FIALES; (IV) A CALIDADE DE CALQUERA SERVIZO, SUBSCRICIÓN, PRODUTO OU INFORMACIÓN ADQUIRIDA OU OBTIDA POR VDE. A TRAVÉS DOS SERVIZOS OU DO SITIO CUMpra AS SÚAS EXPECTATIVAS; (V) CALQUERA ERRO NOS SERVIZOS E/OU NO SITIO SEXA CORRIXIDO; (VI) TODOS OS VIRUS SEXAN ELIMINADOS A TRAVÉS DOS SERVIZOS; OU (VII) EN RELACIÓN CO PAGAMENTO DO REEMBOLSO, O TEMPO DE EXECUCIÓN DESTES CUMpra AS SÚAS EXPECTATIVAS. CALQUERA FERRAMENTA DE SOFTWARE DE ASISTENCIA, MATERIAIS E/OU DATOS DESCARGADOS OU OBTIDOS DOUTRO XEITO POR VDE. A TRAVÉS DO USO DOS SERVIZOS CORRE POLA SÚA PROPIA CONTA E RISCO. A FERRAMENTA DE SOFTWARE DE ASISTENCIA PROPORCIONÁSE “TAL E COMO É”, A EXCEPCIÓN DE CALQUERA GARANTÍA E DE ACORDO CO CONTRATO DE USO DA FERRAMENTA DO SOFTWARE DE ASISTENCIA. SYMANTEC NON GARANTE PRODUTOS DE TERCEIROS.

4.2. Limitación de responsabilidade. ALGÚNS ESTADOS E XURISDICIÓN, INCLUÍDOS OS PAÍSES MEMBROS DA ÁREA ECONÓMICA EUROPEA, NON ADMITEN A LIMITACIÓN OU EXCLUSIÓN DE RESPONSABILIDADE POR DANOS ACCIDENTAIS OU CONSECUENTES, DE XEITO QUE A SEGUINTE LIMITACIÓN OU EXCLUSIÓN PODE QUE NON SEXA APLICABLE A VDE.

ATA O LÍMITE MÁXIMO PERMITIDO POLA LEI APLICABLE E INDEPENDENTEMENTE DE SE CALQUERA SOLUCIÓN ESTABLECIDA FALLA NO SEU OBXECTIVO PRINCIPAL, SYMANTEC NON SERÁ RESPONSABLE ANTE VDE. EN NINGÚN CASO POR (A) CALQUERA PERDA DE BENEFICIOS OU DATOS DERIVADOS DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS, (B) CALQUERA PERDA POLO USO OU FALTA DE DISPOÑIBILIDADE DE DISPOSITIVOS INFORMÁTICOS, MENSAXES ERRADAS OU ERROS DE TRANSMISIÓN DERIVADOS DO USO OU IMPOSIBILIDADE DE USO DOS SERVIZOS OU (C) CALQUERA OUTRA PERDA OU DANO CONSECUENTE, INDIRECTO OU SEMELLANTE, AÍNDA QUE SYMANTEC FOSE ADVERTIDA DA POSIBILIDADE DE TALES PERDA(S) OU DANO(S). A RESPONSABILIDADE DE SYMANTEC NON EXCEDERÁ EN NINGÚN CASO O IMPORTE QUE SEXA MAIOR ENTRE O PREZO QUE VDE. PAGOU POLOS SERVIZOS OU CINCUENTA DÓLARES (U.S. \$50.00) OU A CANTIDADE EQUIVALENTE NA MOEDA CORRESPONDENTE.

4.3. Dereitos de propiedade. Symantec mantén a propiedade de todos os dereitos de propiedade nos Servizos, sitio web, Ferramenta de software de asistencia e en todos os nomes comerciais, marcas comerciais e marcas de servizos asociados ou distribuídos xunto cos Servizos. Vde. non poderá retirar, modificar nin escurecer ningún dos logotipos ou lendas de marca ou copyright de Symantec ou outros reclamos de propiedade dos Servizos, ou incorporados ou asociados a eles. Vde. non pode facer enxeñaría ou compilación inversa ou reducir de calquera outro xeito a unha forma de lectura humana ningunha Ferramenta de software de asistencia cos Servizos.

4.4. Forza maior. Ata o límite máximo permitido pola lei aplicable, Symantec non será responsable de ningún fallo de rendemento debido a circunstancias imprevistas ou a causas fóra do control razoable de Symantec, incluídos, entre outros, casos de forza maior, guerras (declaradas ou non), disturbios, embargos, actos das autoridades civís ou militares, ataque ou ameaza de ataque terrorista, lume, inundacións, accidentes, folgas, bloqueos, fallos nas redes de telecomunicacións ou infraestruturas públicas ou privadas ou escaseza de medios de transporte, instalacións, combustible, enerxía, man de obra ou materiais. No caso de tal demora, Symantec estará exenta dese desempeño ata o límite en que se retrase ou entorpeza por tal causa.

4.5. Regulamento en materia de exportación. Vde. recoñece que os Servizos, a Ferramenta de software de asistencia e os servizos e datos técnicos relacionados (no seu conxunto "Tecnoloxía controlada") poden estar suxeitos ás leis de importación e exportación dos Estados Unidos, particularmente ás normativas para a administración das exportacións dos EE. UU. (EAR) e ás leis de calquera país a onde se importe ou exporte a Tecnoloxía controlada. Acepta cumprir todas as leis relevantes e non exportar ningunha Tecnoloxía controlada que contraveña as leis dos EE. UU. nin a un país, entidade ou persoa prohibidos para os que sexa precisa unha licenza de exportación ou outra autorización governamental. Está prohibido exportar ou reexportar calquera subscripción de Norton a Cuba, Corea do Norte, Irán, Siria e Sudán e a calquera país obxecto de sancións comerciais pertinentes. Vde. declara que non exportará nin venderá ningunha Tecnoloxía controlada para o seu uso en relación con armas químicas, biolóxicas ou nucleares; ou mísiles, aeronaves non tripuladas e vehículos espaciais capaces de transportar tales armas.

5.

Disposicións xerais

A. Lexislación aplicable. Estes termos réxense polas leis de Inglaterra e Gales. Nada do disposto nestes termos diminuír ningún dereito que Vde. teña baixo as leis existentes de protección ao consumidor ou calquera outra lei aplicable na súa xurisdición que non poida ser derogada por contrato.

B. Contrato completo. Os termos constitúen o contrato completo entre Vde. e Symantec en relación cos servizos e: (i) substitúen todas as comunicacións orais ou escritas, previas ou actuais, propostas e representacións con respecto ao seu contido; e (ii) prevalecen sobre os termos adicionais ou conflitivos de calquera afirmación, orde, recoñecemento ou comunicación similar entre as partes. Os Termos daranse por finalizados inmediatamente se Vde. os incumpre en relación, entre outras, á ruptura das súas responsabilidades básicas, coma o pagamento e a non transferencia de obrigas, baixo as seccións 2.1 ou 2.3 aquí referidas; á vulneración dos dereitos de propiedade de Symantec ou ás leis aplicables de exportación e importación baixo as Seccións 4.3 e 4.5 aquí referidas, momento non cal Vde. deberá cesar inmediatamente o uso dos Servizos. As exencións de garantías e danos, así como as limitacións da responsabilidade establecidas nos Termos serán válidas tras a finalización do contrato. Se Vde. ten algunha pregunta con respecto a estes termos ou se desexa poñerse en contacto con Symantec por calquera motivo, escriba a (i) Symantec Customer Support, PO Box 5689, Dublín 15, Irlanda. Visite a páxina de asistencia do seu país ou rexión, que pode atopar en <https://www.symantec.com/globalsites/>. Symantec non arquivará copia dos Termos.

IE VPP Terms/estore ACQ 6.0.2